

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA**

*RESOLUCIÓN do 26 de xaneiro de 2017 pola que se dá publicidade á resolución de concesión do concurso Eduemprende Idea 2016, dirixido ao alumnado das ensinanzas de formación profesional, deportivas ou de artes plásticas e deseño da Comunidade Autónoma de Galicia sostidas con fondos públicos.*

Mediante Resolución do 15 de abril de 2016 publicouse o acordo do Consello de Dirección que aprobou as bases reguladoras do concurso Eduemprende Idea 2016, dirixido ao alumnado das ensinanzas de formación profesional, deportivas ou de artes plásticas e deseño da Comunidade Autónoma de Galicia sostidas con fondos públicos, e procedeuse á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva (DOG núm. 82, do 29 de abril).

As ditas bases establecen no seu artigo 10.4 que a resolución definitiva será publicada no *Diario Oficial de Galicia*, publicación que producirá os efectos da notificación.

Na súa virtude e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro. Anunciar a publicación do texto completo da Resolución do 12 de decembro de 2016 de concesión dos premios do concurso Eduemprende Idea 2016, no enderezo [www.tramita.igape.es](http://www.tramita.igape.es) (epígrafe «Consulta de resolucións definitivas» <http://www.igape.es/gl/oficina-virtual/resoluciones-definitivas>).

Segundo. A Resolución do 12 de decembro de 2016 esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Non obstante, previamente poderá interpoñer un recurso de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral do Igape dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2017

Juan Manuel Cividanes Roger  
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

